



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Practicum		Código	652606606
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	12
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Arza Arza, NevesGómez Sánchez, Tania Fátima	Correo electrónico	neves.arza@udc.estania.fatima.gomez.sanchez@udc.es	
Profesorado	Arza Arza, Neves Gómez Sánchez, Tania Fátima Perea Vega, Gustavo Ariel Varela Urrutia, Roberto	Correo electrónico	neves.arza@udc.es tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es gustavo.perea@udc.es roberto.urrutia@udc.es	
Web				
Descripción xeral	O Practicum corresponde coa fase formativa que se desenvolve nos centros educativos. No caso do alumnado de FOL, pode ser un IES ou un Centro integrado de FP (CIFP). As prácticas están deseñadas para ofrecer a posibilidade de observar e analizar o contexto profesional e de experimentarse, baixo a tutela e supervisión dunha profesora ou profesor do centro, nas tareas de planificación, desenvolvemento e avaliación dunha proposta didáctica, .			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
1. Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias das respectivas ensinanzas, atendendo ao nivel de formación dos estudiantes.	AP1 AP24 AP26 AP27 AP30 AP31 AP33	
2. Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e adquirir estratexias para estimular o esforzo do alumnado e promover a súa capacidade por si mesmo e con outros, e desenvolver habilidades de pensamento e decisións que promovan a súa capacidade docente.	AP32	
3. Dominar destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar a aprendizaxe e a convivencia na aula, e tratar problemas de disciplina e resolución de conflitos.	AP26 AP31 AP32	CM1
4. Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, á educación emocional e en valores, á igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, á formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos.	AP24 AP26 AP27 AP30 AP31	



5. Coñecer as dinámicas organizativas e de funcionamento dun centro de secundaria ou formación profesional, así como levar a cabo unha primeira aproximación tutelada ao funcionamento dunha aula de ensino secundario e familiarizarse coa cultura organizativa dun centro escolar.	AP30 AP31	CM1
6. Vivenciar, contrastar e valorar, nun escenario real, as contribucións dos diferentes módulos teóricos, e tomar conciencia das funcións da profesión docente e dos coñecementos, actitudes e destrezas que se requieren para o seu exercicio.		CM1 CM3 CM7
Identificar os aspectos organizativos e curriculares da formación en centros do traballo e as características das empresas onde se realiza esta formación	AP24 AP26 AP34	CM5

Contidos	
Temas	Subtemas
Organización dos centros, oferta educativa e recursos	- Organos de Goberno - O Departamento de Información e Orientación Profesional ou o Departamento de Orientación - O Departamento de FOL ou da especialidade na que realiza as prácticas - Culturas organizativas - Oferta Educativa -Recursos humanos - Recursos materiais (informáticos, instalacións, etc.)
Instrumentos de planificación do centro	Proxecto Educativo /Proxecto Funcional A programación dos módulos ou materias da especialidade Plano de Acción Titorial Plano de Orientacion Académica e Profesional Atención á diversidade Plan de Convivencia Proxecto lingüístico A formación en igualdade nos instrumentos de planificación do centro. A formación en centros de traballo Outros programas
O Ciclo formativo	- Perfil profesional - Modulos e unidades de competencia - Sector produtivo e contorna socioeconómica - Mercado laboral do ciclo - A formacion en centros de traballo e as empresas do sector



A praxe docente e alumnado	A praxe docente - Integración da visión de xénero - Metodoloxía - Avaliación - Lingua/s de ensino - As outras funcións do profesorado
A proposta didáctica	O alumnado do grupo clase - Perfil sociolingüístico - Competencia dixital - Procedencia académica - Expectativas académicas e profesionais - Necesidades educativas específicas -Fundamentación teórica -Contextualización a nivel de centro e alumnado -Ubicación no primeiro e segundo nivel de concreción curricular -Obxectivos e contidos -Actividades e recursos - Atención á diversidade -Avaliación

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A1 A26 A27 C1	6	0	6
Portafolios do alumno	A1 A24 A26 A27 A30 A31 C5 C7	0	78	78
Sesión maxistral		2	0	2
Saídas de campo	A24 A27 A30 A31 A32 A33 A34 C1 C3 C5 C7	175	30	205
Atención personalizada		9	0	9

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Discusión dirixida	Ten por obxectivo a reflexión e análise da experiencia de prácticas. Realízase en dous momentos que se corresponden coas sesións de seguimento e avaliación final. As temáticas que van ser obxecto de discusión son os contidos que se especifican no apartado correspondente desta guía.
Portafolios do alumno	Adopta a forma que se establece para a memoria de prácticas. Polo tanto ha de incorporar os contidos que se indican no documento marco do Practicum.
Sesión maxistral	Está destinada á presentación dos aspectos organizativos e currículares do Practicum (funcións do profesorado titor, duración, avaliación e sesións de seguimento e final) e ofrece pautas sobre os aspectos a observar e analizar, establecendo conexións coas materias do módulo xenérico e específico que aportan máis elementos para a observación e análise do que acontece a nivel de centro e de aula.



Saídas de campo	A saída de campo corresponde coa estadía do alumnado no centro de Prácticas. No caso do itinerario de FOL abarca dous períodos. O primeiro de toma de contacto abrangue do 13 o 15 de xaneiro. O segundo vai do 17 de febreiro ó 3 de abril. Este período de formación permítelles : - Achegarse á realidade do ensino para ir configurando unha visión propia, fundamentada e vivencial do centro e da aula. - Observar e reflexionar, vinculando as aportacións teóricas e legais das materias do Mestrado co que acontece a nivel de centro e de aula. - Deseñar e por en práctica unha proposta didáctica.
-----------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Saídas de campo	A titorización será compartida polo profesorado titor da Facultade e dos centros de prácticas. O primeiro aporta as orientacións iniciais e supervisa a memoria de prácticas a través das sesións de presentación, seguimiento e evaluación, así como da atención individualizada no horario de titorías. As datas das sesións de presentación, seguimiento e evaluación figuran no horario do itinerario de FOI. En moodle informarase da data, horario e lugar. O profesorado titor da Universidade é o que imparte as materias específicas do itinerario (Aprendizaxe e ensino dos módulos da especialidade, Inserción e orientación laboral, e Mercado laboral e formación profesional).

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Portafolios do alumno	A1 A24 A26 A27 A30 A31 C5 C7	Adopta a forma que se establece para a memoria de prácticas. Polo tanto ha de incorporar os contidos que se indican no documento marco do Practicum. Pode presentarse baixo o formato dun artefacto dixital.	50
Saídas de campo	A24 A27 A30 A31 A32 A33 A34 C1 C3 C5 C7	O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliação da implicación e actuación do alumnado no centro/aula, conforme ós criterios que se especifican na ficha de avaliação que se recolle no documento marco da memoria de prácticas	50

Observacións avaliação
REQUERIMENTOS PARA APROBAR Para superar as Prácticas hai que ter aprobado nas dúas cualificacións, outorgadas polo titor ou titora da Facultade e do Centro. No caso de non aprobar algúna das partes, a nota final será a da parte non superada. Na segunda oportunidade de avaliação só se pode recuperar a memoria. Se o profesor/a do centro onde se realizaron as prácticas outorga unha cualificación inferior a 25 (2,5) a materia de Practicum estará suspensa, non habendo opción de recuperación. É dicir, terá que volver realizar as prácticas no próximo curso. .
FALTA DE INTEGRIDADE ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquier tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6º edición. Plaxio O plaxio será motivo de suspenso. Así queda regulado no artigo 14.4 da normativa académica de avaliação da UDC: " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" Normativa académica de avaliação, revisión e reclamación da UDC: https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_l.pdf http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual



Fontes de información

Bibliografía básica	- Mestrado de Profesorado UDC (2019). Guía das Prácticas Docentes 2019-2020. http://www.educacion.udc.es/mestrados/secundaria/?pagina=practicum Na medida en que no Practicum converxen contidos da maioría das materias do Mestrado, as fontes para o deseño da proposta didáctica e para a elaboración dos distintos apartados da memoria xa foron proporcionadas nestas materias.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural.Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.En coherencia cos principios enunciados, traballois impresos que se teñan que entregar non utilizarán plásticos, estarán&nbsp impresos a doble cara e empregarán&nbsp papel reciclado.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías